

PRESENTACIÓN

Un ano máis, e van dez, a Deputación da Coruña ten a oportunidade de colaborar na edición da revista QUINTANA. Péchase así unha década de estreita colaboración na que esta publicación serviu como un formidable vehículo de comunicación para coñecer parte do movemento cultural de dentro e fóra de Galicia.

Esta cita anual permítenos manexar en primeira persoa traballos de expertos nacionais e internacionais que nos achegan temas tan diversos como a influencia artística de Portugal dentro das nosas fronteiras, as relacións intelectuais entre a cultura española e a americana, a literatura e a súa relación co mundo da arte, ou, como nesta edición, o tema de arte e identidade.

Ano a ano, número a número e páxina tras páxina, os traballos incluídos na revista QUINTANA manteñen como denominador común a calidade e profesionalidade de todos os que participan na súa elaboración, os verdadeiros responsables de converter esta cabeceira nun dos referentes do traballo de investigación desenvolvido pola Universidade de Santiago.

Por todo iso, simplemente quédame darlle os meus parabéns á súa directora, María Luisa Sobriño, e animarvos a todos os que facedes posible esta publicación a seguir co imprescindible labor de difusión cultural durante moitas máis décadas.

Diego Calvo Pouso
Presidente da Deputación da Coruña